



O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación desde o día 21-10-2024 ata a día 11-11-2024
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA

DECRETO

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por acordo da Xunta de Goberno do 16.09.2022, apróbanse as bases xerais, convocatoria e bases específicas que regularán o proceso selectivo para o ingreso como persoal laboral fixo nunha (1) praza denominada peón/peoa reparacións vías provinciais, agrupacións profesionais, do cadro de persoal laboral da Deputación de Lugo, acceso libre, mediante o sistema de concurso-oposición, incluída na OEP do ano 2022 (taxa adicional de estabilización de emprego temporal - artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro).

As ditas bases e convocatoria fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 224, do 29.09.2022, no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 212, do 08.11.2022 e no Boletín Oficial do Estado (BOE) núm. 289, do 02.12.2022.

A base xeral 12.2 sinala que “as persoas aspirantes non propostas, pola orde establecida na listaxe das cualificacións finais, propoñeranse para a súa inclusión nas listaxes de emprego temporal da Deputación de Lugo, reguladas ao abeiro dos criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais á Deputación Provincial de Lugo, aprobados por resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

O Tribunal en sesión de data 26.04.2024, para cumprimento do sinalado nas bases xerais 12.1 parágrafo 3 e 12.2, elabora a orde de persoas non propostas para a súa inclusión nas listaxes de emprego temporal da Deputación de Lugo. Esta proposta foi publicada na páxina web corporativa e no taboleiro de anuncios da entidade o día 26.04.2024.

Por acordo da Xunta de Goberno de 20.09.2024, resolvese definitivamente o proceso selectivo, constatándose que, tanto a persoa seleccionada como a primeira persoa que figura na proposta da orde de persoas para asegurar a cobertura de vacantes e para a incorporación nas listaxes de emprego temporal, foron contratadas como consecuencia doutros procesos selectivos (BOP 223 do 25 de setembro de 2024), polo que só unha das persoas aspirantes propostas polo tribunal deben incorporarse á listaxe de emprego temporal.

Á vista de todo o sinalado, proponse á presidencia que, de conformidade co artigo 7 do RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedementos de selección dos funcionarios da Administración Local, e co establecido na base xeral 12.2 da convocatoria, resolva:

	IV7UG3LNAEXYKW67A7UVMJJWAQ	Fecha y Hora	18/10/2024 14:14:12
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UG3LNAEXYKW67A7UVMJJWAQ	Página	1/2



1º.- Incorporar, a persoa aspirante proposta polo Tribunal que a continuación se relacionan, na listaxe de emprego temporal da praza/posto/emprego de Peón/Peoa Reparacións Vías Provinciais vixente.

Nº ORDE LISTAXE	APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN FINAL
1	PARDO SANTÍN, MANUEL ANDRÉS	23,5100

2º.- Que a incorporación na listaxe se realice conforme aos criterios aprobados por resolucións da presidencia do 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 8.10.2009), 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 39, do 15.02.2019).

3º.- Dar efectividade á listaxe na que figuran as novas inclusións dende o día seguinte á publicación da presente resolución na web corporativa da Deputación de Lugo.

4º.- Ordenar a publicación da presente resolución na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade.”

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

O PRESIDENTE,

P.D. Decreto de data 04-07-2023

O DEPUTADO PROVINCIAL,

O SECRETARIO,

Asdo: Pablo Rivera Capón

	IV7UG3LNAEXYKW67A7UVMJJWAQ	Fecha y Hora	18/10/2024 14:14:12
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UG3LNAEXYKW67A7UVMJJWAQ	Página	2/2

